

n.º 1774/2002, do Parlamento Europeo e do Consello, do 3 de outubro de 2002.

e) Información sobre as probas rápidas de detección de encefalopatías esponxiformes transmisibles realizadas que inclúa o número de tests realizados para cada especie.

#### Artigo 7. *Réxime sancionador.*

En caso de incumprimento do disposto neste real decreto, será de aplicación o réxime de infraccións e sancións establecido na Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal, e na Lei 4/1989, do 27 de marzo, de conservación dos espazos naturais e da flora e fauna silvestres, sen prexuízo das posibles responsabilidades civís, penais ou doutra orde que poidan concorrer.

Disposición adicional única. *Alimentación con animais de especies cinexéticas de caza maior.*

O Regulamento (CE) n.º 1774/2002, do Parlamento Europeo e do Consello, do 3 de outubro de 2002, polo que se establecen as normas sanitarias aplicables aos subprodutos animais non destinados ao consumo humano, non é aplicable aos corpos enteiros ou partes de animais salvaxes non sospeitosos de estar infectados por enfermidades transmisibles aos seres humanos ou aos animais. No caso da actividade cinexética, porén, para poder destinar os cadáveres ou parte destes, dos animais abatidos, á alimentación en zona de alimentación das aves rapaces necrófagas, será preciso que un veterinario comprobe previamente a mencionada ausencia de enfermidades nos animais.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Derrógase o Real decreto 1098/2002, do 25 de outubro, polo que se regula a alimentación de aves rapaces necrófagas con determinados animais mortos e os seus produtos, a excepción da súa disposición derradeira segunda.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1, regras 16.ª e 23.ª da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación xeral da sanidade, e da lexislación básica sobre protección do ambiente, respectivamente.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 25 de maio de 2007.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta primeira do Goberno  
e ministra da Presidencia,

MARÍA TERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ

### ANEXO

#### Produtos que poden ser empregados para a alimentación das aves necrófagas

I. Subprodutos de categoría 1. Cadáveres que conteñen material especificado de risco (bovino, caprino e ovino):

a) Cadáveres enteiros de animais da especie bovina menores de 24 meses de idade e de animais das especies ovina e caprina menores de 18 meses de idade, aínda que conteñan material especificado de risco.

b) Cadáveres enteiros de animais maiores de 24 meses de idade da especie bovina aínda que conteñan material especificado de risco, sempre que se realizase unha proba rápida de diagnóstico de encefalopatía esponxiforme transmisible con resultado negativo.

c) Cadáveres enteiros de animais maiores de 18 meses de idade das especies ovina e caprina, aínda que conteñan material especificado de risco, sempre que se realizase, cando menos nun 4 por cento dos animais mortos nas explotacións de orixe, unha proba rápida de diagnóstico de encefalopatía esponxiforme transmisible con resultado negativo.

A proba rápida de diagnóstico a que se refiren as letras b) e c) deberá estar especificada no Regulamento (CE) n.º 999/2001, do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de maio de 2001, polo que se establecen disposicións para a prevención, o control e a erradicación de determinadas encefalopatías esponxiformes transmisibles.

II. Subprodutos de categorías 2 e 3.

III. Cadáveres ou partes destes procedentes de especies silvestres capturadas no medio natural, incluídas as especies cinexéticas de caza maior, cando non se sospeite que están infectados con enfermidades transmisibles aos seres humanos ou aos animais.

## MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

**11208** *ORDE APA/1604/2007, do 1 de xuño, pola que se establecen os baremos de indemnización polo sacrificio obrigatorio dos animais obxecto do programa nacional de control dos cinco serotipos de salmonela máis frecuentes na salmonelose humana, en mandas de aves reprodutoras do xénero «Gallus gallus».* («BOE» 136, do 7-6-2007.)

O artigo 17.1 da Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal, dispón que, en caso de sospeita dunha enfermidade de carácter epizootico, que pola súa especial virulencia, extrema gravidade ou rápida difusión implique un perigo potencial de contaxio para a poboación animal, incluída a doméstica ou silvestre, ou un risco para a saúde pública ou para o ambiente, ou de calquera proceso patolóxico, que, aínda que, non reunindo as características mencionadas, ocasione a sospeita de ser unha enfermidade das incluídas nas listas de enfermidades de declaración obligatoria, a autoridade competente poderá adoptar, como medida cautelar, o sacrificio obrigatorio dos animais enfermos e sospeitosos, previndo no seu artigo 18 que, tras a confirmación definitiva da existencia da enfermidade, a Comunidade Autónoma actuará do modo establecido en cada caso. Así mesmo, no seu artigo 21, dispón que o sacrificio obrigatorio dos animais dará lugar á correspondente indemnización pola autoridade competente, en función dos baremos aprobados, e que, para ter dereito a indemnización, deberá cumprir o propietario dos animais a normativa de sanidade animal aplicable en cada caso.

A Unión Europea elaborou unha normativa específica en materia de control de salmonela, constituída polo Regulamento (CE) n.º 2160/2003 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de novembro, sobre o control da salmonela e outros axentes zoonóticos específicos transmitidos polos alimentos.

O artigo 5 do citado Regulamento (CE) n.º 2160/2003, dispón que os Estados membros establecerán programas nacionais de control para cada unha das zoonoses e dos axentes zoonóticos enumerados no anexo I para acadar os obxectivos comunitarios de redución da prevalencia das zoonoses e dos axentes zoonóticos indicados no seu artigo 4.

Dentro deste marco, mediante a Decisión 2006/759/CE da Comisión, do 8 de novembro de 2006, pola que se aproban determinados programas nacionais para o control da salmonela en mandas reprodutoras da especie «Gallus gallus», aprobouse o programa presentado por España, de aplicación desde o 1 de xaneiro de 2007. Dentro do dito programa, unha das medidas recollidas é o sacrificio obrigatorio das aves de mandas consideradas infectadas.

De acordo co exposto, resulta preciso establecer con urxencia os baremos de indemnización aplicables cando as autoridades competentes dispoñan o sacrificio obrigatorio dos animais.

Na elaboración desta disposición foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas dos intereses dos sectores implicados.

Na súa virtude, dispoño:

#### Artigo 1. *Obxecto.*

Esta orde ten como obxecto establecer os baremos de indemnización polo sacrificio obrigatorio dos animais obxecto do programa nacional de control dos cinco serotipos de salmonela máis frecuentes na salmonelose humana, en mandas de aves reprodutoras do xénero «Gallus gallus».

#### Artigo 2. *Definicións.*

Para os efectos desta orde entenderase como:

a) Programa nacional de control: o aprobado mediante a Decisión 2006/759/CE, da Comisión, do 8 de novembro de 2006, pola que se aproban determinados programas nacionais para o control da salmonela en mandas reprodutoras da especie «Gallus gallus».

b) Bisavoas: ave reprodutora de estirpe selecta destinada á produción de ovos para incubar destinados á produción de avoas, tal e como establece a definición da letra c) deste punto.

c) Avoas: ave reprodutora de estirpe selecta, procedente do cruzamento de bisavoas, destinada á produción de ovos para incubar cuxo obxecto será a produción de aves de cría, segundo se definen no artigo 2 do Real decreto 1888/2000, do 22 de novembro, polo que se establecen as condicións de sanidade animal aplicables aos intercambios intracomunitarios e ás importacións de aves de curral e de ovos para incubar, procedentes de países terceiros.

d) Reprodutoras pesadas: ave reprodutora da especie «Gallus gallus» de estirpe selecta destinada á produción de ovos para incubar destinados á produción de aves de explotación para a produción de carne.

e) Reprodutora lixeira e semipesada: ave reprodutora da especie «Gallus gallus» de estirpe selecta destinada á produción de ovos para incubar destinados a se converter en aves de explotación segundo se definen no artigo 2 do Real decreto 1888/2000, do 22 de novembro, non incluída na definición de reprodutora pesada.

#### Artigo 3. *Indemnización por sacrificio obrigatorio.*

1. O sacrificio obrigatorio dos animais, ordenado pola autoridade competente dentro da aplicación do Programa nacional de control, dará dereito á correspondente indemnización por sacrificio obrigatorio, de acordo cos baremos previstos en cada caso no anexo.

En todos os casos, a idade das aves para efectos da indemnización será a que tivesen os animais no momento da toma oficial de mostras.

2. Unicamente terán dereito á indemnización aqueles propietarios de gando que cumprisen coa normativa vixente en materia de sanidade animal.

#### Disposición adicional única. *Adaptación.*

Os valores dos animais previstos no anexo actualízanse cunha periodicidade cando menos anual, en función dos prezos de mercado de acordo coa información dispoñible no Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

#### Disposición transitoria única. *Aplicación retroactiva.*

O disposto nesta orde será de aplicación aos sacrificios obrigatorios de animais ordenados pola autoridade competente dentro da aplicación do Programa nacional de control, que se producisen desde o primeiro de xaneiro de 2007.

#### Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Esta orde dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.16.<sup>a</sup> da Constitución que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre bases e coordinación xeral da sanidade.

#### Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 1 de xuño de 2007.–A ministra de Agricultura, Pesca e Alimentación, Elena Espinosa Mangana.

### ANEXO Baremos de indemnización

#### A. Baremos de avoas e bisavoas

Semana de idade	Euros/animal
0	30,23
1	30,69
2	31,15
3	31,61
4	32,08
5	32,54
6	33,00
7	33,46
8	33,92
9	34,38
10	34,84
11	35,30
12	35,77
13	36,23
14	36,69
15	37,15
16	37,61
17	38,07
18	38,53
19	38,99
20	39,46

Semana de idade	Euros/animal
21	39,92
22	40,38
23	40,84
24	41,30
25	40,22
26	39,13
27	38,05
28	36,97
29	35,88
30	34,80
31	33,72
32	32,63
33	31,55
34	30,47
35	29,38
36	28,30
37	27,22
38	26,13
39	25,05
40	23,97
41	22,88
42	21,80
43	20,72
44	19,63
45	18,55
46	17,47
47	16,38
48	15,30
49	14,22
50	13,13
51	12,05
52	10,97
53	9,88
54	8,80
55	7,72
56	6,63
57	5,55
58	4,47
59	3,38
60	2,30

B. *Baremos de reproductoras pesadas*

Semana de idade	Euros/animal
0	2,97
1	3,31
2	3,66
3	4,00
4	4,35
5	4,69
6	5,04
7	5,38
8	5,73
9	6,07
10	6,42
11	6,76
12	7,11
13	7,45
14	7,80
15	8,14
16	8,49
17	8,83
18	9,18
19	9,52
20	9,87
21	10,21
22	10,56
23	10,90

Semana de idade	Euros/animal
24	11,24
25	11,00
26	10,76
27	10,52
28	10,28
29	10,04
30	9,80
31	9,56
32	9,32
33	9,08
34	8,84
35	8,60
36	8,36
37	8,12
38	7,88
39	7,64
40	7,40
41	7,16
42	6,92
43	6,68
44	6,44
45	6,20
46	5,96
47	5,72
48	5,48
49	5,24
50	5,00
51	4,76
52	4,52
53	4,28
54	4,04
55	3,80
56	3,56
57	3,32
58	3,08
59	2,84
60	2,60
61	2,36
62	2,12
63	1,88
64	1,64

C. *Baremos de reproductoras lixeiras e semipesadas*

Semana de idade	Euros/animal
0	8,41
1	8,67
2	8,93
3	9,19
4	9,45
5	9,71
6	9,96
7	10,22
8	10,48
9	10,74
10	11,00
11	11,26
12	11,52
13	11,78
14	12,04
15	12,30
16	12,55
17	12,81
18	13,07
19	13,33
20	13,59
21	13,85
22	14,11

Semana de idade	Euros/animal
23	14,37
24	14,63
25	14,87
26	14,59
27	14,31
28	14,03
29	13,75
30	13,47
31	13,18
32	12,90
33	12,62
34	12,34
35	12,06
36	11,78
37	11,50
38	11,22
39	10,94
40	10,66
41	10,37
42	10,09
43	9,81
44	9,53
45	9,25
46	8,97
47	8,69
48	8,41
49	8,13
50	7,84
51	7,56
52	7,28
53	7,00
54	6,72
55	6,44
56	6,16
57	5,88
58	5,60
59	5,32
60	5,03
61	4,75
62	4,47
63	4,19
64	3,91
65	3,63
66	3,35
67	3,07
68	2,79
69	2,51
70	2,22
71	1,94
72	0,80

## MINISTERIO DE XUSTIZA

**11320** *REAL DECRETO 659/2007, do 25 de maio, polo que se modifica o Regulamento do rexistro mercantil aprobado polo Real decreto 1784/1996, do 19 de xullo, para a súa adaptación ás disposicións da Lei 19/2005, do 14 de novembro, sobre a sociedade anónima europea domiciliada en España. («BOE» 137, do 8-6-2007.)*

Esta reforma do Regulamento do rexistro mercantil ten por obxecto a súa adaptación á Lei 19/2005, do 14 de novembro, sobre a sociedade anónima europea domici-

liada en España, que se aprobou para cumprir a obriga imposta polo Regulamento (CE) n.º 2157/2001 do Consello, do 8 de outubro de 2001, de adoptar todas aquelas disposicións que sexan precisas para garantir a efectividade en España das normas de aplicación directa que nel se conteñen. Na preparación destas normas foron fundamentais as propostas elaboradas pola sección segunda de Dereito Mercantil da Comisión Xeral de Codificación.

Esta modificación regulamentaria, seguindo o esquema marcado pola lei, parte da distinción entre os diferentes procedementos constitutivos dunha sociedade anónima europea, mediante fusión, por transformación dunha sociedade anónima española e por constitución dunha sociedade anónima europea filial ou dunha sociedade anónima europea holding; ao que cabe engadir o traslado a España do domicilio dunha sociedade anónima europea. Para todos estes supostos en que aquela vai fixar o seu domicilio en España recóllese unha remisión xeral ás normas establecidas para a inscrición en cada caso, con pequenos cambios. E na transformación de sociedade anónima española en sociedade anónima europea tamén domiciliada en España, préstase especial atención ao disposto no artigo 37 do Regulamento (CE) n.º 2157/2001 do Consello.

Cando a sociedade anónima europea vaia fixar o seu domicilio no estranxeiro, nos supostos de traslado a outro Estado membro, constitución por fusión e constitución dunha sociedade anónima europea holding en que tamén participa unha sociedade española, regúlase a protección dos intereses en xogo, nas súas diferentes fases do procedemento rexistral español.

Finalmente, en canto ao nomeamento de expertos independentes, tívose en conta a actual regulación deste Regulamento do rexistro mercantil. Do mesmo xeito, introdúcense, nos preceptos correspondentes, as oportunas correccións para recoller as demais reformas puntuais contidas na Lei 19/2005, do 14 de novembro, sobre a sociedade anónima europea domiciliada en España.

Por outra banda, a Lei 19/2005, do 14 de novembro, tamén serviu para introducir determinadas modificacións no texto refundido da Lei de sociedades anónimas, aprobado polo Real decreto lexislativo 1564/1989, do 22 de decembro, non vinculadas co réxime das sociedades anónimas europeas, pero que tamén deben ter o seu reflexo no Regulamento do rexistro mercantil. A este propósito responde a modificación que se introduce no artigo 104, que se adapta ao novo artigo 97 da Lei de sociedades anónimas, e incorpora ao seu contido as especialidades da publicación dun complemento á convocatoria dunha xunta. Así como as modificacións dos artigos 163.1 e 170.3, que se adaptan ás modificacións introducidas pola Lei 19/2005, para a redución de custos de publicidade de determinados acordos sociais.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Xustiza, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 25 de maio de 2007,

### DISPÓÑO:

**Artigo único.** *Modificación do Regulamento do rexistro mercantil, aprobado polo Real decreto 1784/1996, do 19 de xullo.*

No Regulamento do rexistro mercantil, aprobado polo Real decreto 1784/1996, do 19 de xullo, introdúcense as seguintes modificacións:

Un. Modifícase o punto 1 do artigo 20 e engádese un novo punto 4 coa seguinte redacción:

«1. Se o cambio de domicilio se efectuase ao estranxeiro, nos supostos previstos polas leis, deberá aterse ao disposto nos convenios internacio-